

Bases do Concurso de Ideas Emprendedoras

1. *Obxecto do concurso*

O presente concurso ten como finalidade promover o espírito emprendedor entre o alumnado, favorecendo a xeración de ideas innovadoras que respondan ás necesidades reais da sociedade mediante propostas sostibles, creativas e viables.

2. *Participantes*

- Poderá participar todo o alumnado matriculado no centro durante o presente curso académico.
- As propostas deberán ser individuais

3. *Requisitos da proposta*

Cada participante ou equipo deberá presentar dunha **forma clara e completa** unha **idea emprendedora** na que poderás incluír os seguintes aspectos:

- **Proposta de valor completa:** definición clara do problema ou necesidade que se quere resolver, a solución que se ofrece e/ou os beneficios diferenciais fronte a outras alternativas.
- **Descrición detallada do cliente obxectivo:** segmento ou segmentos de mercado aos que se dirixe a idea, características, necesidades e comportamento do cliente.
- **Descrición do produto ou servizo ofrecidos:** características principais, funcionalidades, modo de uso, valor engadido e posibles evolucións ou melloras.

4. *Formato de presentación*

As propostas deberán presentarse en formato **documento imprimible (infografía, póster ou similar)** en formato .pdf ou .npg, en **lingua galega**. O documento deberá cumprir todos os requisitos e incluír o nome e apelidos da persoa autora e o grupo ao que pertence.

5. *Criterios de valoración*

O xurado terá en conta os seguintes criterios:

- **Sostibilidade** (25%): impacto ambiental, social e económico da idea.
- **Innovación** (25%): grao de novidade, diferenciación e creatividade na solución proposta.
- **Creatividade** (20%): orixinalidade na formulación da proposta.
- **Presentación do traballo** (10%): claridade, estrutura, deseño e adecuación ao formato solicitado.

- **Coherencia e adecuación da redacción** (10%): organización das ideas, cohesión e rigor expositivo.
- **Corrección lingüística en galego** (10%): uso correcto da lingua, ortografía, gramática e léxico axeitado.

6. Xurado

O xurado estará composto por:

- 3 Docentes do departamento de **Formación e Orientación Laboral (FOL)**.
- Un/unha representante de cada departamento das **familias profesionais** do centro.
- Un/unha representante do **EDLG**

7. Premios

- **1º Premio:** Brunch para dúas persoas en *Biquiños Doces*.
- **2º premio**
- **3º premio**

8. Entrega das propostas

As propostas deberán enviarse ao correo electrónico emprendemento.cifp.leixa@edu.xunta.gal en formato .pdf ou .npg, dentro do prazo establecido. (6 de febreiro de 2026)

9. Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación total destas bases. O centro resérvase o dereito de modificar aspectos organizativos se fose necesario.